

GARCÍA BARBÓN, JOSÉ MANUEL

Naceu en Verín (Ourense) o 1-4-1831. Enviado polos seus proxenitores a idade temperá a Cuba (1844) para vivir cun tío de seu, Luciano, que adquirira unha grande fortuna nos negocios, sendo Conselleiro do Banco Español en La Habana. Introducido nos negocios do seu tío, dende os seus primeiros anos colabora na organización dos galegos residentes en Cuba, participando na directiva da "Sociedad de Beneficencia de los Naturales de Galicia", onde coincide con José Policarpo Sanz (quen fundaría en Vigo o Instituto "Santa Irene"), así como na fundación do "Centro Gallego" da Habana. É iniciado na Masonería na loxa "Unión y Concordia nº 21" da Orde do Gran Oriente Nacional de España, co nome simbólico de "Candas", o 5-12-1866. En xaneiro de 1884 regresa a Galicia por problemas de saúde, establecéndose en Verín, onde desenvolve un labor filantrópico restaurando a igrexa parroquial, construción dunha alameda, fundación do Colegio "San José", etc. Recuperada a saúde, instálase en Vigo en 1894, continuando o seu benéfico, doando a "Escuela de Artes y Oficios", o "Asilo del Niño Jesús de Praga" e mercando o "Teatro Rosalía Castro" para dedicalo a fins culturais. Nesta cidade, na súa casa de Vista Alegre, falece o 7-3-1900.